

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 15 de xullo de 2009 pola que se modifica a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Con data do 4 de marzo de 2009, publicouse no DOG a Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.

Correspóndelle á Consellería de Traballo e Benestar, segundo o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, as funcións e competencias que, en materia de servizos sociais, lle corresponden á Xunta de Galicia.

A citada orde, no seu artigo 5, establece un importe total dispoñible para o exercicio 2009 de 6.653.444 euros, destinado ao financiamento das subvencións, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de maiores dispoñibilidades orzamentarias que se tramitarán como modificacións desta, de acordo co previsto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, ante a existencia de dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos correspondentes ao exercicio 2009 destinados ao financiamento das subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 23 de febreiro de 2009, na contía adicional de 3.730.939 euros, para o exercicio corrente, coa finalidade de facer chegar as ditas subvencións ao maior número de beneficiarios posibles en contía suficiente para garantir unha axeitada prestación dos servizos sociais.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Amplíase o importe total correspondente ao exercicio 2009 destinado ao financiamento das subvencións que se van conceder ao abeiro da Orde do 23 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa con-

vocatoria, na seguinte contía e aplicación orzamentaria:

-2009.48.06.312E.781.0, por importe de 3.730.939 €.

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

Orde do 16 de xullo de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión de axudas destinadas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente aos traballadores e traballadoras desempregados/as na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2009, convocadas pola Orde do 11 de decembro de 2008.

A Orde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 245, do 18 de decembro), establece na súa disposición adicional cuarta que se poderán ditar resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado ou doutros remanentes dos módulos.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 11 de decembro de 2008, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posibles.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron concedidas

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 11 de decembro de 2008, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

Aplicación	Proxecto	Importe (€)
48.05.323A.460.1	200901008	99.727,52
48.05.323A.471.0	200901008	649.520,19
48.05.323A.481.0	200901008	579.341,03